

Real Decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións a órganos de representación do persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

.../...

Artigo 19. Votación por correo.

1. Cando algún elector prevexa que na data de votación non se atopará no lugar que lle corresponda exercer o dereito de sufraxio, poderá emitir o seu voto por correo, logo de comunicación a mesa electoral.

Esta comunicación haberá de deducila a partir do día seguinte á convocatoria electoral ata cinco días antes da data en que haxa de efectuarse a votación.

2. A comunicación haberá de realizarse a través das oficinas de Correos sempre que se presente en sobre aberto para ser datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, esixindo este do interesado a exhibición do documento nacional de identidade, co fin de comprobar os seus datos persoais e a coincidencia de sinatura de ambos os dous documentos.

A comunicación tamén poderá ser efectuada en nome do elector por persoa debidamente autorizada, acreditando esta a súa identidade e representación bastante.

3. Comprobado pola mesa que o comunicante se atopa incluído na lista de electores, procederá a anotar nela a petición e se lle remitirán as papeletas electorais e o sobre no que debe ser introducida a do voto.

4. O elector introducirá a papeleta que elixa no sobre remitido, que pechará, e este, á súa vez, xuntamente coa fotocopia do documento nacional de identidade, noutro de maiores dimensións que remitirá á mesa electoral por correo certificado.

Recibido o sobre certificado, custodiarase polo Secretario da mesa ata a votación, quen, ao termo desta e antes de comezar o escrutinio, o entregará ao Presidente que procederá á súa apertura, e identificado o elector co documento nacional de identidade, introducirá a papeleta na urna electoral e declarará expresamente terse votado.

5. Se a correspondencia electoral fose recibida con posterioridade á terminación da votación, non se computará o voto nin se terá como votante ao elector, procedéndose á incineración do sobre sen abrir, deixando constancia de tal feito.

6. Non obstante o exposto, se o funcionario que optase polo voto por correo se atopase presente o día da elección e decidise votar persoalmente, manifestarao así ante a mesa, a cal, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle que enviaría por correo se se recibise, e no caso contrario, cando se reciba incinerarase.

Real Decreto 1844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa.

.../...

Artigo 10. Votación por correo.

1. Cando algún elector prevexa que na data de votación non se atopará no lugar que lle corresponda exercer o dereito de sufraxio, poderá emitir o seu voto por correo, logo de comunicación a mesa electoral.

Esta comunicación haberá de deducila a partir do día seguinte á convocatoria electoral ata cinco días antes da data en que haxa de efectuarse a votación.

2. A comunicación haberá de realizarse a través das oficinas de Correos sempre que se presente en sobre aberto para ser datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, esixindo este do interesado a exhibición do documento nacional de identidade, co fin de comprobar os seus datos persoais e a coincidencia de sinatura de ambos os dous documentos.

A comunicación tamén poderá ser efectuada en nome do elector por persoa debidamente autorizada, acreditando esta a súa identidade e representación bastante.

3. Comprobado pola mesa que o comunicante se atopa incluído na lista de electores, procederá a anotar nela a petición e se lle remitirán as papeletas electorais e o sobre no que debe ser introducida a do voto.

4. O elector introducirá a papeleta que elixa no sobre remitido, que pechará, e este, á súa vez, xuntamente coa fotocopia do documento nacional de identidade, noutro de maiores dimensións que remitirá á mesa electoral por correo certificado.

Recibido o sobre certificado, custodiarase polo Secretario da mesa ata a votación, quen, ao termo desta e antes de comezar o escrutinio, o entregará ao Presidente que procederá á súa apertura, e identificado o elector co documento nacional de identidade, introducirá a papeleta na urna electoral e declarará expresamente terse votado.

5. Se a correspondencia electoral fose recibida con posterioridade á terminación da votación, non se computará o voto nin se terá como votante ao elector, procedéndose á incineración do sobre sen abrir, deixando constancia de tal feito.

6. Non obstante o exposto, se o traballador que optase polo voto por correo se atopase presente o día da elección e decidise votar persoalmente, manifestarao así ante a mesa, a cal, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle que enviaría por correo se se recibise, e no caso contrario, cando se reciba incinerarase